



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

REXISTRO CIVIL EXCLUSIVO VIGO

INFORMACIÓN SOBRE O MATRIMONIO CIVIL

- Para presentar a documentación que resulta necesaria con vistas a solicitar o matrimonio civil é requisito indispensable pedir cita previa a través do enderezo www.xustiza.gal.
- Para achegar a dita documentación deberá comparecer só un dos promoventes, debendo o outro promovente asinar a correspondente autorización do documento núm.3. A testemuña non deberá comparecer, soamente encher e asinar o documento núm.4.
- A solicitude de matrimonio civil (expediente) presentarse ante o rexistro civil ou consulado de España que correspondan ao domicilio de empadramento de calquera dos dous contraentes, polo que é condición indispensable para que se poida tramitar o expediente matrimonial neste Rexistro Civil de Vigo que polo menos un dos dous contraentes estea empadrado nesta localidade.
 - A solicitude de matrimonio (doc. núm. 1), a declaración xurada de estado civil (doc. núm. 2), a ratificación (doc. núm.3) e a declaración testemuñal (doc. núm. 4) deberán estar debidamente cubertas.
 - Á parte de cubriren os ditos documentos, os promoventes deberán fornecer a seguinte documentación:

▲ DOCUMENTACIÓN (I) – CIDADÁNS ESPAÑOIS

- DOCUMENTOS núms. 1, 2, 3 e 4, debidamente cubertos e asinados.



- CERTIFICADO LITERAL DE NACIMIENTO.

{*A **validez** deste certificado é de **6 meses** desde a súa expedición ata que se presenta neste Rexistro Civil.}

- CERTIFICADO/S OU VOLANTE/S DE EMPADROAMENTO (INDIVIDUAL) que xustifique/n onde residiron os contraentes durante os 2 últimos anos. Se algún dos contraentes residiu en 2, 3 ou máis localidades durante ese período, terá que achegar certificados/volantes de empadramento de todas elas (obtéñense nas sedes dos Concellos correspondentes).

{*A **validez** deste certificado é de **3 meses** desde a súa expedición ata a súa presentación.}

{*Consulte con cada Concello a posibilidade de obter este certificado/volante a través de **Internet**.}

- FOTOCOPIA DO DNI EN VIGOR (fotocopia sen compulsar) e DNI ORIXINAL dos contraentes e da testemuña.

- No caso de que algún dos contraentes estea divorciado presentará, ademais, CERTIFICADO LITERAL DO MATRIMONIO ANTERIOR (obtense no rexistro civil da localidade na que se celebrou o matrimonio), no cal deberá figurar a anotación de divorcio.

{*A **validez** deste certificado é de **6 meses** desde a súa expedición ata a súa presentación.}

- Se o contraente é viúvo, amais do CERTIFICADO LITERAL DO MATRIMONIO ANTERIOR deberá presentar un CERTIFICADO DE DEFUNCIÓN DO CÓNXUXE FALECIDO (obtense no rexistro civil da localidade na que se produciu o falecemento).

{*A **validez** deste certificado é de **6 meses** desde a súa expedición ata a súa presentación.}



- Se os contraentes teñen fillos en común presentarán unha FOTOCOPIA DO LIBRO DE FAMILIA (fotocopia, sen compulsar, das follas cubertas).

▲ DOCUMENTACIÓN (II) - CIDADÁNS ESTRANXEIROS

- DOCUMENTOS núms. 1, 2, 3 e 4, debidamente cubertos e asinados.

- CERTIFICADO DE NACEMENTO do país de orixe, apostilado -nos países do Convenio da Haia- ou legalizado por calquera consulado de España no dito país ou polo Ministerio de Asuntos Exteriores español (agás no caso dos países exentos de legalización e apostila).

Se non está redactado en castelán deberá ser traducido por un tradutor xurado, aínda que os países da Unión Europea dispoñen dun impreso internacional ou plurilingüe que evita a tradución.

{*A **validez** deste certificado é de **6 meses** desde a súa expedición ata a súa presentación neste Rexistro Civil.}

{*Véxase a nota final 1, na cal se fai relación dos países cuxos documentos están exentos de legalización ou apostila.}

- CERTIFICADO DE ESTADO CIVIL do país de orixe, apostilado ou legalizado (agás no caso dos países exentos) e, se procede, traducido (salvo no caso dos países que dispoñen de impreso internacional ou plurilingüe).

a) Se o contraente é solteiro, na certificación figurará este dato.

b) Se o contraente é divorciado ante un tribunal, na certificación constará a disolución do anterior



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

matrimonio por divorcio e a data da resolución xudicial na que este se declara.

Se o divorcio foi ante notario, e non ante un tribunal, achegárase unha COPIA DA ESCRITURA DE DIVORCIO legalizada ou apostilada (bardante do caso dos países exentos) e, se procede, traducida (se a escritura non figura en castelán débese traducir sempre, xa que para este trámite non existe impreso internacional).

c) Se o contraente é viúvo presentará un CERTIFICADO DO MATRIMONIO ANTERIOR e mais un CERTIFICADO DE DEFUNCIÓN DO CÓNXUXE FALECIDO, apostilados ou legalizados (agás no caso dos países exentos) e, se procede, traducidos (salvo no caso dos países que dispoñan de impreso internacional ou plurilingüe).

{*A **validez** deste certificado é de **6 meses** desde a súa expedición ata a súa presentación.}

- CERTIFICADO DE CAPACIDADE MATRIMONIAL, que substitúe o certificado de estado civil do que se fala no punto anterior, para determinados países.

Os promoventes deberán consultar nos seus respectivos países ou embaixadas cal deles se emite, e presentalo debidamente legalizado ou apostilado (agás no caso dos países exentos) e, se procede, traducido (salvo no caso dos países que contén con impreso plurilingüe ou internacional).

{*A **validez** deste documento é de **6 meses** desde a súa expedición ata a súa presentación.}

- CERTIFICADO que acredite onde residiron os contraentes durante os 2 últimos anos. Se foi en España, deberán achegar o/s CERTIFICADO/S OU VOLANTE/S DE EMPADROAMENTO INDIVIDUAL da/s localidade/s en que residiron durante este



período. Se algún deles residiu ou reside noutro país, deberá achegar un CERTIFICADO DO PAÍS ESTRANXEIRO que xustifique a súa residencia nel durante os 2 últimos anos. Se residiu parte dos 2 anos en España e parte noutro país, deberá achegar o/s CERTIFICADO/S OU VOLANTE/S DE EMPADROAMENTO que xustifique/n o período de residencia en España e mais o CERTIFICADO DO PAÍS ESTRANXEIRO que xustifique o período de residencia no mesmo. Se non figura en castelán, deberá ser traducido por un tradutor xurado.

{*A **validez** deste/s documento/s é de **3 meses** desde a súa expedición ata a súa presentación.}

- FOTOCOPIA DA TARXETA DE RESIDENCIA (NIE) ou, de non a posuír ou de non estar en vigor, de TODAS AS FOLLAS DO PASAPORTE DO SEU PAÍS DE ORIXE (fotocopia sen compulsar).

- Se os contraentes teñen fillos en común, presentarán unha FOTOCOPIA DO LIBRO DE FAMILIA (fotocopia sen compulsar) daquelas páxinas en que figuren os datos dos contraentes e dos fillos habidos desa parella.

NOTAS :

1. Están exentos de legalización ou apostila aqueles documentos procedentes de AUSTRIA, FRANCIA, ITALIA, LUXEMBURGO, PAÍSES BAIXOS, PORTUGAL, TURQUÍA E POLONIA.

2. A maioría dos países da Unión Europea dispoñen de impresos plurilingües para emitir CERTIFICADOS DE NACEMENTO, MATRIMONIO e DEFUNCIÓN, así como de CAPACIDADE MATRIMONIAL e de CERTIFICACIÓN DE ESTADO CIVIL, co que se evita realizar a tradución.